



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Paula Ares Otero, Secretaria-Interventora do Concello de Lousame (A Coruña) do que é Alcaldesa, dona María Teresa Villaverde Pais

CERTIFICA: Que o **Pleno Corporativo**, na **sesión organizativa (extraordinaria e urxente)** que tivo lugar o día **12 de xullo de 2023**, adoptou entre outros o seguinte **acordo**, que se transcribe dun xeito literal, salvo erro ou omisión involuntarias:

4) APROBACIÓN DA PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por seis (6) votos a favor (emitidos polos concelleiros/as do GPM do PP) e cinco (5) votos en contra (emitidos polos concelleiros do GPM do PSdG-PSOE e Grupo Mixto), sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte acordo:

<<Logo de ver a constitución da nova Corporación para o mandato 2023-2027, en virtude da sesión constitutiva que tivo lugar o 7 de xullo de 2023, como consecuencia das eleccións locais convocadas polo Real Decreto 207/2023, do 3 de abril (BOE do 4 de abril).

Sendo que o artigo 20.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) establece que un dos piares básicos da organización municipal é o Pleno Corporativo, formado por tódolos concelleiros e presidido pola Alcaldía-Presidencia.

Visto que o artigo 46.2 da LRBRL sinala que o Pleno debe celebrar sesión ordinaria como mínimo cada tres meses nos Concellos dos municipios que teñan unha poboación de até 5.000 habitantes.

Visto que o artigo 38 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro que aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF) preceptúa que dentro dos 30 días seguintes ao da sesión constitutiva a Alcaldía convocará sesión extraordinaria a fin de resolver sobre unha serie de asuntos entre os que se atopa a fixación da periodicidade das Sesións Plenarias Ordinarias.

Sendo que o artigo 18 do Regulamento Orgánico Municipal preceptúa que o Pleno celebra sesión ordinaria cada dous meses, nos días e horas que se fixen polo mesmo. A concreta periodicidade



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

será fixada por acordo plenario dentro dos 30 días seguintes ao da sesión constitutiva da Corporación.

Considerando o disposto no artigo 18 do Regulamento Orgánico do Concello, segundo o cal o Pleno realizará sesión ordinaria con periodicidade bimensual; de conformidade coa normativa exposta, o Pleno Corporativo **ACORDA**:

Primeiro: O Pleno do Concello de Lousame, órgano da máxima representación política dos cidadáns no goberno municipal, previa convocatoria efectuada ao efecto pola Alcaldía, realizará **sesións ordinarias** no denominado "Salón de Plenos" **o último venres non festivo dos meses impares**, ás **20:30 horas**, en primeira convocatoria e dous días hábiles despois, á mesma hora, en segunda convocatoria.

Segundo: Cando o dito venres sexa festivo, a sesión terá lugar o día hábil inmediato anterior, á mesma hora.

Terceiro: A primeira sesión ordinaria do mandato corporativo 2023-2027, será a correspondente ao mes de setembro do 2023>>

E para que así conste, e aos efectos oportunos, emítase o presente, co visto e prace da Alcaldía, en Lousame na data da sinatura dixital

Visto e Prace

A Alcaldesa
M^a Teresa Villaverde Pais

A Secretaria-Interventora
Paula Ares Otero